

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 14 DE ABRIL DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de MSV na PO-531 do acceso do polígono de Sequeiros no p.q. 8+250 da estrada PO-531 (Concello de Barro).

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Impresión Gráfica.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Mancomunidade de Municipios da Ría de Arousa Zona Norte para a realización de actividades de promoción do turismo no destino Arousa Norte, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, para a realización de actividades de promoción do turismo na Mariña Lucense, por un importe total de cento noventa mil euros (190.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra para a realización de actividades de promoción do turismo na comarca da Ribeira Sacra, por un importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, e a Mancomunidade do Salnés para a realización de actividades de promoción do turismo na comarca do Salnés, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para 2016, por un importe dun millón setecentos trinta e oito mil seiscentos trinta e tres euros con setenta céntimos (1.738.633,70 €).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora do acceso á vivenda 2015-2020 por un importe total de seiscentos noventa mil douscentos noventa e catro euros e trinta céntimos (690.294,30 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Manuel María para desenvolver nos anos 2016-2017 un programa de actuacións para difundir, estudar e preservar a obra de Manuel María, por importe total de vinte e dous mil oitocentos euros (22.800,00 €).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente do Servizo Galego de Saúde mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, número de expediente AB-SER4-16-003, por un importe de setenta e nove millóns catrocentos oitenta e cinco mil cincocentos corenta e cinco euros con sesenta céntimos (79.485.545,60 €), e un valor estimado de douscentos trinta e oito millóns catrocentos cincuenta e seis mil seiscentos trinta e seis euros con oitenta céntimos (238.456.636,80 €).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social superar a porcentaxe establecida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono Concilia e se procede á súa convocatoria. Importe total tres millóns catrocentos oitenta e nove mil douscentos euros (3.489.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades. Importe: novecentos corenta e seis mil doce euros (946.012,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento do Programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación. Importe: setecentos vinte e tres mil seiscentos corenta e catro euros (723.644,00 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, e do mantemento da entidade. Importe: cincocentos oitenta e oito mil catrocentos trinta e catro euros (588.434,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e ás súas familias, e do mantemento da federación. Importe: catrocentos corenta e seis mil oitocentos trinta e oito euros (446.838,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: douscentos once mil cincocentos once euros (211.511,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGGA Plena Inclusión Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de FADEMGGA Plena Inclusión Galicia. Importe: cento noventa e oito mil cincocentos setenta e un euros (198.571,00 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e ás súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: cento cincuenta e cinco mil corenta e catro euros (155.044,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de alzhéimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzhéimer residentes en Galicia e mantemento da federación. Importe: oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación Aspace Galicia), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral mediante a formación e do mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: oitenta e cinco mil euros (85.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación de Parapléxicos e Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e mantemento da entidade. Importe: corenta e dous mil novecentos noventa e dous euros (42.992,00€).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e do mantemento da federación. Importe: vinte e dous mil douscentos euros (22.200,00€).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe polo que se dá conta do convenio de colaboración que se vai subscribir entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a cooperación no desenvolvemento do concurso de ideas para a adaptación do edificio do antigo hospital xeral que acollerá a futura Cidade da Xustiza de Vigo, e mediante o que se determina o prego de bases que rexerán o dito concurso.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a estratexia de impulso ao sector da biotecnoloxía.
- Informe sobre a autorización das instalacións, aprobación do proxecto de execución e declaración de utilidade pública, en concreto, da repotenciación do parque eólico Cabo Vilano situado no Concello de Camariñas (A Coruña) e promovido pola sociedade Gas Natural Fenosa Renovables, S.L. (IN661A 2012/1).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe do Plan de dotación de infraestruturas educativas 2016-2020.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA INCREMENTAR A SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA PO-531, EN BARRO, NO ACCESO AO POLÍGONO DE SEQUEIROS

- *O obxectivo principal do proxecto á acadar a redución da velocidade de circulación na contorna do punto quilométrico 8 da estrada e, deste xeito, reducir a accidentalidade*
- *A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financia estas actuacións mediante a achega económica dun orzamento de máis de 502.000 euros*
- *As actuacións previstas centraranse na execución dunha glorieta no principal acceso ao polígono industrial de Sequeiros, na construción de paradas de autobús cun apartadoiro e melloras na sinalización*
- *Estas obras complementaríanse coa rehabilitación do firme dos accesos ao polígono e ao núcleo de Sequeiros, nun treito antigo da estrada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as expropiacións para a mellora da seguridade viaria da estrada Pontevedra- Vilagarcía (PO-531), en Barro, na zona de acceso ao polígono de Sequeiros. O Decreto de Utilidade Pública comprende as expropiacións dos predios necesarios para a mellora da estrada autonómica PO-531, entre os puntos quilométricos 7 + 700 e 8 + 350, no Concello de Barro.

O obxectivo principal do proxecto á acadar a redución da velocidade de circulación na contorna do punto quilométrico 8 da estrada, e deste xeito reducir a accidentalidade que rexistra a vía neste tramo.

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, financia estas actuacións mediante a achega económica dun orzamento de máis de 502.000 euros.

As actuacións previstas centraranse na execución dunha glorieta no principal acceso ao polígono industrial de Sequeiros (p.q. 8 + 250). A construción da rotonda, ademais de mellorar a seguridade viaria no cruzamento ao evitar os numerosos cruzamentos que se producen desde o carril central actual, conseguirá minimizar o tráfico na contorna do p.q. 8. O exceso de velocidade identificouse como unha das principais causas da accidentalidade que se rexistra no tramo; por tanto, a execución da glorieta, que obrigará á redución da velocidade por parte dos condutores, colaborará a mellorar a seguridade viaria da PO-531 ao seu paso polo Concello de Barro.

O proxecto tamén recolle a execución de paradas de autobús cun apartadoiro, de xeito que os autobuses non paren no carril de circulación, así como melloras nas barreiras de contención e na sinalización. A actuación complementase coa rehabilitación do firme dos accesos ao polígono e ao núcleo de Sequeiros, nun treito antigo da estrada.



SITUACIÓN



PLANTA E SECCIÓN





## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN COMPLETA A ACTUALIZACIÓN DOS CICLOS DE FP DA FAMILIA PROFESIONAL DE ARTES GRÁFICAS**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos plans, que se axustan ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional, e afondan na necesaria relación entre este sector e as novas tecnoloxías***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adaptou ás necesidades do tecido social e produtivo galego o currículo do ciclo formativo de grao medio en Impresión Dixital e os dos de grao superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica e en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia. Coa aprobacións destes currículos, aos que hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta, complétase a actualización das titulacións da familia profesional de Artes Gráficas, á cal tamén pertencen o ciclo de grao medio en Preimpresión Dixital (xa modernizado) e o programa de FP Básica en Artes Gráficas.

As persoas que obteñan as titulacións correspondentes aos ciclos hoxe aprobados poderán exercer a súa actividade profesional en empresas de artes gráficas en xeral que teñan sección de impresión offset, flexografía, serigrafía ou dixital, así como en empresas dedicadas á impresión de libro, á edición de publicacións periódicas, á fabricación de envases e embalaxes de papel, plásticos, complexos e cartón ondulado, ás transformacións do papel e cartón, á impresión de publicidade e á estampaxe téxtil, cerámica e noutros produtos, entre outras.

Cos aprobados hoxe o departamento educativo da Xunta actualizou un total de 99 currículos de ciclos formativos, incluíndo en todos eles a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo, a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios segundo a lexislación vixente para o exercicio profesional, cando proceda.

Ademais, o departamento educativo da Xunta de Galicia elaborou 21 currículos de formación profesional básica para que sexa posible implantar en Galicia estas titulacións.

### **Técnico en Impresión Gráfica**

A competencia xeral do título de técnico en Impresión Gráfica consiste en realizar as actividades de axustes mecánicos, entoación e rexistro da imaxe, para a produción de impresos por sistemas convencionais (offset, flexografía e serigrafía) ou por medios dixitais, controlando e mantendo as máquinas e os equipamentos auxiliares, para obter a produción coa calidade e nos tempos establecidos, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

As ocupacións e os postos de traballo que poderán desenvolver son os de operador de máquinas de offset en xeral, de máquina flexográfica ou de máquina de rotogravado; maquinista ou técnico de impresión offset, montador de pranchas de flexografía, impresor dixital ou de serigrafía, técnico de impresión dixital ou serigráfica, e condutor de máquina de impresión flexográfica.

### **Técnico superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica**

A competencia xeral do título de técnico superior en Deseño e Xestión da Producción Gráfica consiste en deseñar e desenvolver proxectos gráficos, elaborar orzamentos, xestionar e supervisar a produción e controlar o almacén de materiais e a expedición do produto á clientela, aplicando a normativa vixente e os protocolos de calidade, seguridade e prevención de riscos laborais e asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.

As persoas que obteñen este título poderán traballar en ocupacións como a de técnico en preimpresión, impresión, encadernación industrial, de oficina técnica en industrias gráficas, en xestión de cor en industrias gráficas ou técnico en procesos de transformacións de papel, cartón e outros soportes. Así mesmo, poderán desenvolverse profesionalmente como deseñador gráfico, verificador de produtos acabados de papel e cartón, orzador de industrias gráficas ou axudante de produción nestas mesmas industrias.

### **Técnico superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia**

A competencia xeral do título de técnico superior en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia consiste en deseñar produtos gráficos, envases e embalaxes, editar publicacións impresas e electrónicas, xestionar e controlar a produción editorial, realizando a publicación e o servizo de atención á clientela, aplicando os protocolos de calidade, seguridade e prevención de riscos laborais, e asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.

Coas competencias acadadas, estes titulados poderán traballar como deseñador gráfico, de publicacións multimedia ou de envases e embalaxes, asistente á edición ou como técnico en produción editorial, en preimpresión, en xestión de produción gráfica,

en desenvolvemento e publicación de produtos multimedia ou en comercialización de produtos gráficos e multimedia.

## **TURISMO DE GALICIA REAFIRMA A SÚA APOSTA POLA PROMOCIÓN TURÍSTICA DOS XEODESTINOS GALEGOS**

- *Turismo de Galicia colaborará cos xeodestinos do Salnés, da Mariña Lucense, da Ribeira Sacra e a da ría de Arousa Zona Norte na realización de actividades de promoción e información do turismo*
- *Para a consecución destas accións, Turismo de Galicia realizará unha achega de 760.000 euros incrementado o seu investimento en máis dun 18 %*
- *O obxectivo é contribuír, coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo destes xeodestinos, á potenciación destes territorios como destinos turísticos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dos convenios plurianuais de colaboración entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade do Salnés, a Mancomunidade dos municipios da Mariña Lucense, o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e a Mancomunidade de municipios de Ría de Arousa Zona Norte para a realización de actividades de promoción e información do turismo nestes xeodestinos.

O obxectivo destas colaboracións é contribuír, a través de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo destes xeodestinos, á potenciación destes territorios como destinos turísticos.

Estes convenios constitúen unha continuación da colaboración establecida entre estas comarcas e Turismo de Galicia, a través dos plans de dinamización desenvolvidos nestas áreas, levando agora a cabo actuacións que afectan o conxunto dos territorios, para desta, forma reafirmar estes xeodestinos xa moi definidos no ámbito turístico.

Ao mesmo tempo, procúrase a través destes convenios a sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños das zonas sobre a importancia de preservar e poñer en valor o patrimonio natural, artístico e cultural que, ademais de ter unha clara proxección turística, é un importante factor de dinamización económica destes xeodestinos.

Así, estes convenios, ademais de responder ás liñas estratéxicas trazadas no Plan integral de turismo de Galicia, contribuirán a divulgar a realidade e potencialidade da nosa comunidade, como receptora dun turismo de calidade, e incidirán no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

Entre as iniciativas que levarán a cabo nestes xeodestinos no marco destes acordos encóntranse a elaboración de contidos, promoción en plataformas e famtrips dirixidos a mercados internacionais; a execución de plans de e-márketing; iniciativas para a consolidación e creación de produtos turísticos; actividades formativas para os axentes



turísticos; accións de accesibilidade universal aplicada á promoción turística; iniciativas para o fomento do turismo deportivo e a natureza ou para o impulso do turismo gastronómico, entre outras.

Para a consecución destas actividades, Turismo de Galicia realizará unha achega económica de 760.000 euros dos cales, 200.000 € irán destinados á comarca do Salnés, 200.000 € á Ribeira Sacra, 200.000 € á ría de Arousa Zona Norte e 160.000 € á Mariña lucense.

Turismo de Galicia reafirma así a súa aposta pola promoción destes xeodestinos incrementando en máis dun 18 % o seu investimento total en relación á achega realizada no bienio 2014-2015.

A vixencia dos convenios de colaboración manterase ata o 15 de decembro de 2017.

## **XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR RENOVAN UN ANO MÁIS A SÚA COLABORACIÓN NA SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS**

- ***Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía***
- ***O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios***
- ***Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina en 2015 un total de 1,7 millóns de euros para que 203 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste último caso, cun mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no corpo, e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de Xustiza de Galicia.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## O CONSELLO APROBA A COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA E A FEGAMP PARA PÓR EN MARCHA O PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS QUE SE DESTINARÁN A ATENDER AS NECESIDADES SOCIAIS

- *Os concellos interesados en adherirse a este programa poderán mobilizar inmobles desocupados e propor a súa adxudicación a familias con necesidades e a Xunta achegará un seguro multirrisco do fogar e un seguro de garantía de cobramentos*
- *Os alugueiros terá un importe máximo de entre 250 e 350 euros, segundo a zona xeográfica en que se atope a vivenda*
- *Este programa supón activar unha nova medida das incluídas no Plan rehaVita, o primeiro plan autonómico de vivenda, co obxectivo de facilitar o acceso de todos os cidadáns a unha vivenda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a posta en marcha do Programa de vivendas baleiras, que mobilizará inmobles desocupados co fin de destinalos a atender as necesidade sociais en materia residencial.

Os concellos que voluntariamente se adhiran a este programa poderán proporlle á Xunta a incorporación a el de vivendas baleiras da súa propiedade ou de terceiros e terán capacidade, así mesmo, de propor a súa adxudicación a cidadáns ou familias con dificultades, respectando, en todo caso, os requisitos e prioridades sinalados no convenio. A Xunta, pola súa banda, garantirá o cobramento da renda e o mantemento en bo estado das vivendas.

Deste xeito ponse en marcha outra das novas medidas incluídas no Plan rehaVita, o primeiro plan autonómico de vivenda, co obxectivo de facilitar o acceso de todos os cidadáns a unha vivenda.

En virtude do convenio, a Fegamp difundirá entre os concellos a creación deste Programa de vivendas baleiras e promoverá a súa incorporación a el. Pola súa parte, a Xunta comprométese a proporcionar para as vivendas que se incorporen ao programa as seguintes coberturas:

1. Un seguro multirrisco do fogar, polo que quedarán cubertos todos aqueles danos sufridos pola vivenda durante a vixencia do arrendamento.
2. Un seguro da garantía do cobramento da renda nas mensualidades impagadas polos arrendatarios e a asistencia e defensa xurídica dos arrendadores nos procesos de desafiuzamento ou reclamacións de cantidade por impagamento de rendas, que inclúa como mínimo os honorarios de avogado e dereitos e suplidos de procurador, cando a

súa intervención sexa preceptiva, gastos notariais e de outorgamento de poderes para preitos e gastos de execución procesual. A garantía do cobramento das rendas impagadas non poderá superar o período máximo de doce mensualidades.

Estas coberturas serán efectivas durante o tempo en que as vivendas permanezan arrendadas ao abeiro deste programa.

### **Programa de vivendas baleiras**

Poderán acollerse a este programa os concellos que asinen o acordo de adhesión anexo ao convenio coa Fegamp. Os concellos adheridos proporán á Xunta a incorporación ao programa de vivendas baleiras da súa propiedade ou de terceiros, sempre que estean libres de cargas e gravames que impidan o seu arrendamento, ser conformes coa lexislación que lles sexa de aplicación, incluída a urbanística, estar desocupadas e seren susceptibles de uso, cando menos, desde o momento da solicitude de incorporación ao programa.

As vivendas incorporadas ao programa serán adxudicadas aos demandantes que cumpran os requisitos establecidos no convenio

Os concellos tamén proporán o procedemento de selección de arrendatarios e de adxudicación de vivendas respectando, en todo caso, os requisitos e prioridades sinalados no convenio coa Fegamp.

### **Colectivos preferentes**

Terán preferencia na adxudicación das vivendas deste programa aqueles que pertencen a un dos seguintes colectivos:

- a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafuzamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores, así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares ou de convivencia en que existan mulleres vítimas de violencia de xénero.
- e) Unidades familiares ou de convivencia en que existan persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes.



f) Unidades familiares ou de convivencia en que existan persoas que fosen beneficiarias de axudas ao alugueiro de programas xestionados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e que, unha vez vencido o período máximo de percepción, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.

g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que fosen privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

Os concellos tamén poderán adxudicar as vivendas incorporadas ao Programa de vivendas baleiras a aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que teñan subscritos convenios de colaboración coa Xunta no marco de programas de acceso á vivenda, para ser destinadas aos colectivos sinalados anteriormente.

#### **Renda máxima**

As propostas de adxudicación deberán incluír a renda da vivenda, que terá un importe máximo de entre 250 e 350 euros en función da zona xeográfica en que se atope a vivenda.

## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E A FUNDACIÓN MANUEL MARÍA COLABORAN NA ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PRESERVACIÓN, ESTUDO E DIFUSIÓN SOCIAL DA OBRA DO AUTOR DAS LETRAS GALEGAS 2016**

- *Entre este ano e o próximo levaranse a cabo unha serie de actos culturais e divulgativos como conferencias, recitais poéticos, mesas redondas e representacións teatrais, entre outros, para poñer en valor a figura, a vida e a obra de Manuel María Fernández Teixeiro*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais a Fundación Manuel María de Estudos Galegos van colaborar na organización de actividades que terán como finalidade difundir, estudar e preservar a obra do autor ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, Manuel María Fernández Teixeiro.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería e a mencionada entidade no marco do cal se desenvolverá unha programación específica ao longo de 2016 e 2017 coa que tamén se contribuirá á promoción da lingua e da literatura propias. Para tal fin, establécese un orzamento de 22.800 euros, dos cales 22.000 os achega a consellería, a través das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura.

Pola súa banda, a Fundación Manuel María encargárase de organizar as actividades de carácter cultural destinadas a divulgar a obra literaria e o perfil humano do escritor por medio de conferencias, recitais poéticos e mesas redondas, entre outros. Tamén elaborará o material divulgativo e promocional da Casa Museo Manuel María (en Outeiro de Rei), onde actualmente se deposita o legado do escritor, e o material para dar a coñecer a súa obra literaria. A programación completárase con outras actividades de normalización e dinamización da lingua tales como representacións teatrais e musicais. Neste caso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitará, se for preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos.

Segundo se establece no convenio autorizado hoxe, a Fundación tamén se encargará de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para desenvolver as actuacións previstas no acordo, así como de facilitar os medios técnicos e humanos necesarios para levalas a termo.

Grazas a esta colaboración, os estudosos e investigadores da obra de Manuel María poderán acceder, de balde, aos fondos documentais da fundación que leva o seu nome.

## O BONO CONCILIA BENEFICIARÁ AO REDOR DE 2.400 FAMILIAS QUE NON OBTIVERON PRAZA NUN CENTRO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE 0 A 3 ANOS SOSTIDO CON FONDOS PÚBLICOS

- *Esta axuda tamén está destinada a aquelas familias que residan en concellos onde non hai recursos de atención á infancia públicos*
- *O orzamento destinado a esta medida supera os 3,4 millóns de euros*
- *Como novidade, a convocatoria establece a posibilidade de concesión da axuda a aquelas familias nas cales as dúas persoas proxenitoras traballan en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que, tendo dereito a prazas pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario. Ademais, promóvese o dereito á escolarización de irmáns e irmás no mesmo centro*
- *O obxectivo da Administración autonómica é conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de espera*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza un gasto plurianual co obxecto de regular a concesión de axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono Concilia. Esta medida está destinada ás familias que, tendo solicitado unha praza nas escolas infantís sostidas con fondos públicos, non a obteñan, así como a aquelas familias que residan nun concello onde non existen centros con prazas públicas. O Bono Concilia conta cun orzamento que supera os 3,4 millóns de euros e permitirá ás familias contar cunha subvención para acudir a calquera escola infantil privada que escollan. Con este orzamento estímase que se chegará ao redor de 2.400 familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A convocatoria para o curso 2016-17 suporá un aumento orzamentario do 105 % sobre o curso anterior, proba da aposta da consellería polas escolas infantís como ferramenta de conciliación. Para seren beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2013 e non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas ou entes privados que, en concorrencia coa regulada nesta orde, superen o custo da praza.

Consolidado o cambio iniciado no curso 2012-13, de outorgar a axuda directamente ás familias para que acudan á escola infantil que elixan, seguirán tendo prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización no mesmo centro. Os prazos de presentación de solicitudes serán os mesmos que os do ano pasado, o que se traduce nun elemento de seguridade para as familias á hora de solicitar a axuda e en que as resolucións se poidan coñecer no mes de xullo.

A contía que se percibirá pola escolarización a xornada completa con comedor oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas. A media xornada con comedor oscila entre os 22,50 e os 125 euros. Estas axudas aboaranse mensualmente de xeito directo ás familias.

Como novidade, a presente convocatoria avanza na adaptación ás necesidades das familias coa posibilidade de concesión de Bono Concilia a aquelas en que as dúas persoas proxenitoras traballen en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que, tendo dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario. Así mesmo, promóvese o dereito á escolarización de irmáns e irmás no mesmo centro coa posibilidade de opción directa do Bono Concilia para aquelas familias que teñan un fillo ou filla que renove praza do extinto cheque infantil para o vindeiro curso e obteñan praza pública para un irmán ou irmá. Outra das melloras da convocatoria é a extensión do programa a aquelas familias nas que, residindo en concellos onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos, se produza un nacemento fóra do prazo establecido na convocatoria desta axuda. Ademais, establécese a posibilidade de ampliar a contía máxima do crédito da convocatoria.

Deste xeito, a cidadanía contará cunha rede de recursos de conciliación da vida laboral, persoal e familiar máis ampla e flexible, pois unha vez esgotada a dispoñibilidade de prazas públicas, as familias serán apoiados mediante a subvención do custo dunha praza na escola infantil privada que escollan. O obxectivo da Xunta de Galicia é conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de espera. Grazas ao Bono Concilia, a rede de escolas infantís alcanzará unha cobertura do 37,29 % dos nenos e nenas galegas de 0 a 3 anos. Isto supón un aumento de 4 puntos en comparación coa ratio do curso 2015-16.

O programa Bono Concilia mellora e amplía o programa denominado Cheque Infantil ao abeiro do cal se vén publicando unha convocatoria de axudas desde o ano 2002. No ano 2012 por primeira vez, outorgouse a axuda económica directamente á familia. No curso 2015-16 introducíronse mecanismos para axilizar a xestión e, como novidade, estableceuse a prioridade na obtención da axuda para aquelas familias residentes en concellos onde non exista ningún centro sostido con fondos públicos.

Para o vindeiro curso 2016-17 o proceso de mellora continua ao cal somete os seus programas a Administración autonómica cristaliza na posta en marcha do programa Bono Concilia, que supón un paso adiante a nivel cuantitativo e cualitativo do extinto Cheque Infantil. Neste sentido, increméntase o orzamento destinado ao programa un 105 % respecto do curso 2015-16 e mellórase a resposta ás necesidades das familias.



### **Programa de Apoio á Natalidade (PAN)**

O programa Bono Concilia forma parte da área de conciliación do Programa de apoio á natalidade (PAN). O PAN complétase coa área PAN Axudas, que inclúe a Tarxeta Benvida e outras medidas como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos; e co PAN Servizos, eixe no cal se enmarcan recursos e servizos para as familias galegas co obxecto de crear contornos favorables e mellorar o seu benestar no momento da chegada dun fillo ou filla. O PAN Servizos inclúe a recente creación dun banco de leite materno ou a posta en marcha do fogar dixital para acompañar o embarazo e a chegada do bebé.

### **Conciliación e igualdade**

As diferentes opcións promovidas pola Xunta de Galicia en materia de conciliación están fundamentadas no fomento da igualdade entre mulleres e homes tanto no ámbito doméstico como laboral e na consideración de que o coidado de menores e de persoas dependentes é tanto un dereito como unha responsabilidade colectiva de toda a sociedade e mais dos poderes públicos.

A conciliación é un pilar básico na abordaxe do reto demográfico, que constitúe unha actuación transversal que implica todos os departamentos da Xunta de Galicia tal como se recolle no PEG 2015-2020. Un dos obxectivos principais do goberno autonómico en materia demográfica é aproximar de forma progresiva a taxa de fillos/as por muller á media da Unión Europea, que se sitúa en 1,59 e incrementar a taxa bruta de natalidade.

Para iso, estase a traballar no fomento do valor social das familias en todas as súas modalidades e sobre a súa situación socioeconómica. Favorecer o acceso ao transporte e a mobilidade e potenciar o desenvolvemento sociocultural, a calidade de vida e o asentamento poboacional no rural e nas zonas costeiras non urbanas tamén son fórmulas para o fomento da continuidade demográfica.

## **A XUNTA DE GALICIA APROBA ONCE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE DOS CALES SE BENEFICIARÁN 75.000 PERSOAS**

- ***A Consellería de Política Social destinará máis de 3,6 millóns de euros a este fin***
- ***Os acordos serán subscritos con Autismo Galicia, COGAMI, Down Galicia, FAXPG, FEAFES- Galicia, FEGADACE, FADEMGA Plena Inclusión Galicia, ASPACE Galicia, FAGAL, FEGEREC e ASPAYM***
- ***As contías que recibirán as entidades experimentan un incremento do 20 % con respecto ao ano anterior***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os convenios de colaboración nominativos para o mantemento de entidades de discapacidade que conforman CERMI- Galicia e tamén para outras dúas entidades que non forman parte deste comité. Deste xeito, a Consellería de Política Social destinará un total de 3.695.192 euros a financiar once federacións que traballan no eido da discapacidade. As contías dos convenios, que experimentaron un incremento do 20% con respecto ao ano anterior, repercutirán de xeito directo en 75.000 persoas que se beneficiarán dos programas e actividades que desenvolvan as entidades.

O orzamento total distribuirase entre once federacións que aglutinan 150 asociacións. Estas son Autismo Galicia, que recibirá 155.044 €; COGAMI obterá 946.012 €; en virtude deste convenio Down Galicia recibirá 446.838 €; a achega da Administración autonómica para FAXPG ascenderá a 723.644 €; Feafes- Galicia obterá 588.434 €; Fegadace recibirá 211.511 €; a axuda destinada a Fademga Plena Inclusión Galicia ascenderá 198.571 € e tanto Aspace como Fagal recibirán 85.000 €. As dúas entidades non adscritas ao Cermei, Aspaym e Fegerec, recibirán 42.992 € e 22.200 € respectivamente.

Con este investimento mantense o compromiso adquirido pola Xunta de Galicia en canto á blindaxe do financiamento destinado ao mantemento das entidades de discapacidade, xa que son unha peza fundamental de cara a asesorar, representar, axudar e fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial.

Cómpre destacar que este acordo tamén repercute na totalidade do colectivo de persoas con discapacidade en Galicia, que representa ao redor do 8 % da poboación. Coa intención de chegar a todo o colectivo, estes convenios de colaboración están destinados a federacións que teñen un eido de atención específico para a súa área de discapacidade e, polo tanto, desenvolven actividades distintas con persoas xordas, con síndrome de Down, con parálise cerebral ou alzhéimer entre outras discapacidades.

### **Aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade**

Desde a Consellería de Política Social, continúa-se a apoiar as medidas necesarias para acadar o obxectivo da inclusión social, efectiva e real, das persoas con discapacidade. Este compromiso reflíctese no incremento, por terceiro ano consecutivo, o orzamento para a discapacidade alcanzando os 93,8 millóns de euros. Grazas esta aposta decidida do goberno galego, o pasado mes de novembro, foi aprobada a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, con 460 medidas que darán respostas ás necesidades do colectivo.

Por outra banda, actualmente en Galicia hai máis de 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade. Para finais de ano está previsto chegar ás 5.200, xa que estarán dispoñibles as 167 novas prazas que están en proceso de creación e que suporán un mantemento de 55,2 millóns de euros anuais. A maiores destas novas prazas, entre os anos 2009 e 2015 créanse 929 prazas para este colectivo, un 21,11 % máis das existentes hai seis anos.

Así mesmo, neste ano tamén se poñen en marcha novas liñas de subvencións como as destinadas á adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, así como para a adquisición de servizos complementarios de asistencia persoal, cun orzamento de 730.185 €. Tamén está prevista a convocatoria dunha liña de axudas destinadas aos concellos de Galicia para a promoción da accesibilidade, por importe previsto de 900.000 €; e unha nova liña de axudas dirixidas ás entidades para o desenvolvemento de accións de asesoramento e formación de persoas con discapacidade, cun orzamento previsto de 1.015.158 €.

A Xunta de Galicia tamén está a levar a cabo medidas de acción positivas de xeito directo, como a primeira convocatoria do proceso selectivo de acceso á función pública galega para as persoas con discapacidade intelectual.

## A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DO CONCURSO DE IDEAS PARA ADAPTAR O ANTIGO HOSPITAL XERAL DE VIGO COMO CIDADE DA XUSTIZA

- *O goberno galego aposta polo concurso de ideas como a mellor opción, xa que permite obter maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións*
- *Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través da súa Delegación en Vigo*
- *O prazo de presentación das propostas será de dous meses aos cales haberá que sumar outros dos meses para a resolución do concurso. Para a execución das obras estímase un orzamento estimado de 25 millóns de euros*

O Consello da Xunta deu o visto e prace ás bases que rexerán o concurso de ideas para a adaptación do edificio do antigo hospital xeral para acoller a futura Cidade da Xustiza de Vigo, que permitirá non só albergar as necesidades actuais, senón que dará cabida ás necesidades futuras da cidade de Vigo no eido da Xustiza.

Grazas a esta actuación, e sempre atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e calidade na xestión dos recursos públicos, concentrarase nun único edificio toda a actividade xudicial da cidade, ao dispor dunha superficie de máis de 36.000 m<sup>2</sup>, que permitirá albergar as unidades xudiciais situadas nos dous edificios da rúa Lalín actualmente en funcionamento, así como as previstas nun novo edificio xudicial xa proxectado para a cidade de Vigo.

O goberno galego aposta polo concurso de ideas, dadas as particulares actuacións técnicas que implican a adaptación deste edificio para adaptalo a un novo uso, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea, polo que para o desenvolvemento do concurso de ideas se contará coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través da súa Delegación en Vigo, para a redacción do anteproxecto de adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo.

O obxecto deste concurso é seleccionar a idea que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo. E para a redacción do dito anteproxecto deberá terse en consideración a normativa urbanística e ambiental aplicable e as determinacións dispostas nos plans urbanísticos do concello de Vigo, das que se deberá dar cumprimento.

O prazo de presentación das propostas será de dous meses aos cales haberá que sumar outros dos meses para a resolución do concurso. Para a execución das obras estímase un orzamento estimado de 25 millóns de euros, cunha posible variación do 10 por cento, isto é, entre 22,5 e 27,5 millóns de euros.

Haberá tres premios, de 70.000, 40.000 e 30.000 euros, respectivamente; e tres accésits de 15.000 euros, o primeiro, e 11.000 o segundo e o terceiro. Ao gañador do primeiro premio encargaráselle a redacción do proxecto básico e de execución e a dirección de obra.

### **Destinatarios do concurso de ideas**

Poderán participar neste concurso de ideas arquitectos e equipos multidisciplinares nos que, polo menos, haxa un arquitecto; persoas xurídicas, con director de equipo que sexa arquitecto, e agrupacións de profesionais e empresas de arquitectura que adopten a forma de UTE.

Cada participante só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ou como colaborador e só poderá presentar unha proposta. O incumprimento deste punto dará lugar á descualificación de todas as propostas que presente. Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

### **Criterios de valoración**

Os criterios de valoración serán os seguintes: avaliación arquitectónica, calidade compositiva, formal e de deseño (25 puntos); avaliación técnica, económica e funcional do proxecto (20 puntos); axuste da proposta ás especificidades e necesidades marcados no prego (15 puntos); incidencia no deseño en canto ao mantemento posterior do edificio (10 puntos); grao do desenvolvemento do proxecto (10 puntos); e sustentabilidade económica, eficiencia enerxética e ambiental (10 puntos).

### **Composición do xurado**

Coa finalidade de fomentar a colaboración e participación dos diferentes colectivos afectados, constitúese un Xurado e un Comité de Seguimento da redacción do proxecto e execución das obras.

O xurado será o responsable de avaliar e clasificar as propostas presentadas a fin de determinar aquela que xulgue máis adecuada aos fins obxecto de licitación de acordo cos criterios de avaliación e, unha vez que resolva, elevarao ao órgano de contratación para a súa aprobación e resolución. Formarán parte del cinco arquitectos, un elixido a proposta do Concello, un polos concursantes e tres polo COAG; e representantes da



Xunta en áreas relacionadas coa xustiza, o urbanismo ou a asesoría xurídica, entre outras.

### **Comité de Seguimento**

O Comité de Seguimento constituirase no prazo máximo dunha semana dende a emisión do fallo do Xurado e deberá manter xuntanzas periódicas, coa finalidade de que exista un fluxo constante de información entre o equipo redactor e os colectivos afectados, podendo estes aportar suxestións para o satisfactorio resultado do proxecto para todos os axentes implicados.

Este comité estará presidido polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Tamén serán membros deste Comité o alcalde de Vigo, o xuíz decano e o fiscal xefe de área de Vigo, o delegado territorial da Xunta en Vigo, os decanos dos Colexios de Avogados e de Procuradores de Vigo, o secretario coordinador de Pontevedra e o presidente da Xunta de Persoal da Administración de Xustiza de Vigo e o completarán un arquitecto proposto polo concello de Vigo, outro a proposta do COAG, o gañador do primeiro premio do concurso de ideas -que será o redactor do proxecto e director de obra- e o xefe de servizo de Obras e Proxectos da Vicepresidencia, que actuará como secretario.

## A XUNTA MOBILIZARÁ 200 MILLÓNS NO SECTOR BIOTECNOLÓXICO PARA INCREMENTAR O SEU EMPREGO NUN 25 % E FACER DE GALICIA UNHA REFERENCIA

- *O Consello avaliou a Estratexia de impulso á biotecnoloxía 2016-2020, que culmina a vertebración do apoio público ao sector bio iniciado coa Estratexia de especialización intelixente*
- *Busca crear 30 novas empresas, sumar 300 empregos aos preto de 1.300 que existen hoxe no sector e incrementar a facturación das compañías un 20% ata os 300 millóns*
- *Entre 2012 e 2015 activáronse 92 millóns en apoio á biotecnoloxía, o que supón que o compromiso financeiro da nova estratexia supón un incremento dun 117 %*
- *Este mesmo ano mobilizaranse no sector 37 millóns de euros*
- *Búscase xerar en Galicia un biopolo que impulse sectores estratéxicos galegos como o lácteo, o mar, o ambiental ou a saúde*
- *Durante 10 meses, a elaboración da estratexia contou coa participación de 66 axentes implicados: empresas, institucións, organismos e centros de investigación, universidades e cinco consellerías*
- *A planificación inclúe accións de asesoramento, aceleración, financiamento, impulso á innovación, márketing e compra pública innovadora de tecnoloxía*

O Consello da Xunta avaliou hoxe a nova Estratexia de impulso á biotecnoloxía 2016-2020, que culmina a vertebración do apoio público ao sector Bio que o Goberno galego vén construíndo nos últimos catro anos. Tras situar á biotecnoloxía como unha ferramenta clave na Estratexia de especialización intelixente-RIS3, e convertelo nun sector estratéxico da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0, esta folla de ruta completa ese apoio cun investimento de 200 millóns ata 2020 para converter a Galicia nunha referencia neste eido.

A nova estratexia apóiase nese esforzo levado a cabo para facer do que hoxe é un sector emerxente un polo estratéxico de atracción de investimentos e talento. Nese camiño, ten como obxectivos a creación de 30 novas empresas biotecnolóxicas en Galicia, crecendo un 15 % sobre as preto de 220 coas que se conta na actualidade; acadar unha facturación de 300 millóns de euros, crecendo un 20 % sobre os preto de 250 millóns de euros que suman hoxe; xerar 300 novos empregos cualificados no sector, un 25 % máis dos preto de 1.300 postos de traballo que existen neste momento, e acadar un recoñecemento internacional de Galicia no contorno biotecnolóxico.

Para acadar eses obxectivos, a Estratexia vertebra e estrutura as accións de apoio ao sector bio, impulsándoo no ámbito internacional e aproveitando os seus avances para dinamizar e modernizar sectores tradicionais da economía galega.

### **Apoio a sectores estratéxicos**

Neste senso, agárdase que a biotecnoloxía xogue un papel destacado e esencial no desenvolvemento doutros sectores estratéxicos galegos, impulsando novos produtos e procesos para o sector lácteo, o aproveitamento dos recursos mariños e pesqueiros, o reforzo da eficiencia na sanidade animal e derivados, a alimentación funcional e o envellecemento activo, as novas tecnoloxías para a medicina personalizada, a innovación aberta no descubrimento de fármacos e as tecnoloxías facilitadoras. Todo ese esforzo contribuirá a constituír na nosa comunidade un biopolo que conecte todos os axentes do sector e contribúa a atraer grandes clientes dos sectores *target* do negocio biotecnolóxico, así como a potenciar o bioemprendemento.

Dos 200 millóns da Estratexia, 125 serán fondos públicos e preto de 75 millóns corresponderían ao capital privado. A cifra total supón un incremento do 117 % no financiamento do sector fronte ao período 2012-2015, no cal se activaron 92 millóns en apoio á biotecnoloxía, centrados fundamentalmente nos proxectos de innovación empresarial apoiados por programas de innovación empresarial, compra pública innovadora, apoio aos organismos de investigación e financiamento mediante capital risco, entre outros apoios. Froito deste esforzo foron proxectos como a Unidade Mixta formada por Roche Farma e a Fundación Ramón Domínguez, destinada a avanzar na oncoloxía de precisión; a Plataforma Innopharma, na cal se investiron 10 millóns de euros, ou programas de aceleración empresarial como Agrobiotech.

### **Consenso do sector bio**

A Estratexia tense elaborado e deseñado durante os últimos 10 meses como unha ferramenta participativa e transversal, contando coa implicación de todo o sector para adaptarse da forma máis concreta posible ás súas necesidades. Así, a elaboración foi liderada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa implicación das consellerías de Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do Mar e do Medio Rural. En total, participaron 66 axentes entre empresas, institucións, organismos, asociacións e centros de investigación e universidades, ademais de entidades investidoras que terán un rol clave no financiamento dos proxectos, como XesGalicia.

O seu traballo permitiu contar cunha folla de ruta que conta con 3 eixes estratéxicos, centrados en investigación e transferencia de tecnoloxía á empresa, consolidación empresarial e atracción de empresas tractoras. Eses eixes son apoiados por 7 programas de actuación e 42 accións, que arrancarán de forma inmediata cun investimento público privado previsto en 2016 de 37 millóns de euros.

### **Compra pública innovadora**

As principais accións céntranse en iniciativas como Bio-ReAcciona, de apoio á función xestora e comercial; unha Rede de bio-aceleradoras; apoio ao financiamento mediante instrumentos financeiros innovadores e colaboración público privada; un Plan de impulso á imaxe de Galicia no exterior; e, en especial, unha iniciativa de compra pública innovadora como panca de tracción. Mediante esta última medida, a Xunta implicarase desde o primeiro momento no proceso de creación de novas tecnoloxías, facilitando o crecemento das empresas galegas e o traballo dos investigadores.

Estes programas contribuirán a reforzar as fortalezas do sector bio en Galicia, que xa é hoxe unha das principais rexións españolas en termos de creación de empresas bio. O 2,11% do total de novas sociedades creadas en Galicia son biotecnolóxicas, unha cifra que dobra a media estatal e que converte a rexión na cuarta de España neste eido. A Estratexia busca, neste senso, potenciar aínda máis esa fortaleza para facer da comunidade o mercado con maior velocidade de creación de empresas biotecnolóxicas.

En definitiva, trátase de acadar un aumento da actividade económica do sector en termos de emprego, facturación e emprendemento en I+D+i, sumando máis empresas, compañías máis fortes e máis negocio.

## A XUNTA AUTORIZA A PRIMEIRA REPOTENCIACIÓN EÓLICA EN GALICIA NO PARQUE CABO VILANO EN CAMARIÑAS

- *Tras o desmantelamento dos 22 aerogeradores orixinais cunha potencia total de 3,9 MW, contará con 2 máquinas que suman unha potencia de evacuación de 5,46 MW*
- *Esta actuación pioneira permite modernizar a instalación, que se puxo en marcha hai máis de 20 anos, ao tempo que se incrementa a súa potencia e se diminúe o impacto paisaxístico e ambiental*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria está tamén a tramitar a repotenciación do parque eólico Malpica, e traballa nun novo decreto que permitirá simplificar o procedemento para aprobar este tipo de proxectos*

A Xunta autorizou a primeira repotenciación eólica en Galicia no parque Cabo Vilano, no concello coruñés de Camariñas, que modernizará as súas instalacións ao tempo que incrementa a súa potencia. Así, este parque promovido por Gas Natural Fenosa Renovables, que se puxo en marcha hai máis de 20 anos, será pioneiro entre os plans de repotenciación na comunidade.

Tras o desmantelamento dos 22 aerogeradores orixinais, cunha potencia total de 3,9 MW, o parque eólico Cabo Vilano contará con 2 máquinas de 3 MW cada un que suman unha potencia máxima evacuable de 5,46 MW. A actuación, que supón un investimento de 7,6 millóns de euros, permite así incrementar nun 40 % a potencia da instalación, ao tempo que se diminúe o impacto paisaxístico e ambiental.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue así a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Neste contexto, estase a tramitar tamén a repotenciación do parque eólico Malpica, da empresa Pemalsa, no cal se substituirán 69 antigos aerogeradores por 7 novos cunha potencia total de 16,45 MW.

Ademais, para continuar mellorando tecnoloxicamente os parques máis antigos e minimizar o seu impacto ambiental, o Goberno galego está a traballar nun novo decreto que facilitará as repotenciacións simplificando a tramitación deste tipo de proxectos.

Esta iniciativa súmase ao concurso eólico, no marco do cal se levan autorizado xa 17 novos parques, acadando un total de 410 MW e un investimento de máis de 524 millóns de euros. Ademais, os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na Comunidade e teñen permitido crear máis de 2.000 empregos directos.



## **CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIRÁ MÁIS DE 118 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN E REFORMA DE CENTROS EDUCATIVOS, FACENDO FINCAPÉ NA EFICIENCIA ENERXÉTICA E NA MELLORA FUNCIONAL**

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no cal se apunta un calendario de actuacións 2016-2020 para a renovación dos colexios e institutos galegos*
- *Está prevista a creación de preto de 5.000 postos escolares*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá máis de 118 millóns de euros na construción de novos centros educativos e na reforma das instalacións dos existentes, facendo fincapé na eficiencia enerxética e na mellora funcional. Así o recolle o informe do Plan de dotación de infraestruturas educativas analizado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se apunta un calendario de actuacións para a renovación de colexios e institutos no período 2016-2020.

A estratexia de actuación divídese en 6 eixes: construción de novos centros e ampliación dos existentes, actuacións en eficiencia enerxética, actuacións en mellora funcional, integración e sinalética, RAM (reforma, ampliación e mellora), actuacións equipamento para a FP e equipamento para novos centros e aularios.

Para o primeiro deles hai previsto un orzamento total de máis de 38 millóns e euros, co obxectivo de construír 6 novos centros e ampliar outros 12. Con estas actuacións está previsto crear preto de 5.000 postos escolares.

### **Aforro de enerxía**

No marco das actuacións financiadas pola Unión europea para a redución do CO<sub>2</sub>, realizaranse intervencións para a mellora da eficiencia enerxética. Dentro delas, a Consellería está a realizar estudos de extrapolación enerxética en diferentes centros de Galicia, de tal forma que se poida determinar as accións concretas para acadar este obxectivo. En calquera caso, boa parte delas consistirán na substitución de carpintarías metálicas – especialmente as máis antigas- e en arranxos das luminarias dos centros, que nalgúns casos non obteñen os parámetros axeitados de aforro enerxético.

No informe analizado hoxe polo Consello está previsto un investimento de máis de 8 millóns de euros para as actuacións deste eixe, que poderían incrementarse en función dos resultados dos estudos que se realicen. Xa no presente ano iniciaranse as actuacións en 10 centros de ensino, 3 deles na provincia da Coruña, 2 na de Lugo, 2 na de Ourense e 3 na de Pontevedra.

### **RAM e equipamento**

No caso do eixe referido a reformas, melloras e ampliacións (RAM), o esforzo orzamentario previsto é de 30 millóns de euros, que se distribuirán ano a ano en función das necesidades que presenten os centros de cada provincia.

No referido ao equipamento, o esforzo orzamentario acadará os 3,5 millóns nos centros de FP e máis de 13 nos de infantil, primaria e secundaria, incluíndo o mobiliario dos novos colexios e institutos novos que se edifiquen.

### **Sinalética e cores comúns**

No caso das actuacións en mellora funcional, integración e sinalética, o investimento previsto ascende a 24,7 millóns de euros, que se destinarán a actuacións como adecuación de aseos, instalación eléctrica, instalación de ascensores e melloras varias na accesibilidade, entre outras.

Ao abeiro deste eixo, e de forma similar ao que se ten producido xa nos centros integrados de FP, desenvolverase, ademais, unha proposta de imaxe corporativa única para os centros educativos, de tal forma que se propoña sinalética con cores e imaxes que sexan identificativos e comúns aos centros educativos galegos, así como unha proposta de cores que se empregarán nas aulas de forma harmonizada nos distintos niveis educativos.

Para iso, a consellería está a traballar de forma conxunta co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para buscar a gama de cores axeitada e harmonizada e os elementos identificativos que poidan distinguir facilmente os centros de cada nivel educativo. Esta actuación en materia de imaxe corporativa representa o importe menor dun conxunto de medidas relacionadas con cubertas e envoltentes dos centros.